

M^a DEL CARMEN MERINO MOÍNA, SECRETARIA DO CONCELLO DE MEIS (PONTEVEDRA)

CERTIFICO:

Que na sesión realizada polo Pleno do Concello do día 26 de marzo de dous mil vinte un, entre outros, adoptouse o acordo que, literalmente, di:

“5.- Aprobación do expediente de contratación, mediante concesión, do servizo público de xestión de residuos de competencia municipal do concello de Meis. Procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, tramitación ordinaria.

A secretaria dá lectura á seguinte proposta da Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión especial de Contas, Facenda, Patrimonio, Economía, Desenvolvemento Local, Emprego e Persoal con data 22-03-2021:

“Por mor da liquidación da empresa (CELTAPRIX), que viña prestando o servizo mancomunado de recollida de residuos sólidos urbanos, o Concello de Meis adxudicou con carácter de urxencia mediante procedemento negociado, unha nova contratación do servizo no pasado exercicio 2017.

Finalizado o período previsto no contrato tramitado mediante procedemento negociado, continúaase coa prestación do servizo por parte da empresa adxudicataria, “SERVIZOS DOS CONCELLOS GALEGOS”, en tanto non se adxudique o contrato mediante procedemento aberto.

Iniciado en 2019, mediante procedemento aberto, a tramitación do contrato de concesión do servizo; éste foi obxecto de desestimento por acordo do pleno de 29-11-2019.

Correspóndelle ao Concello reiniciar os trámites para asegurar a prestación de este servizo esencial, determinar o réxime xurídico futuro do servizo, determinar as prestacións a favor dos administrados e regular os aspectos xurídicos, económicos e administrativos relativos á prestación do servizo, así como delimitar o ámbito da concesión, tanto na orde funcional como territorial.

Vista a necesidade de levar a cabo a contratación das prestacións obxecto da contratación.

Vista a insuficiencia de medios persoais e materiais para levar a cabo a realización das prestacións pola propia administración.

Resultando acreditada a necesidade da contratación.

Vista a documentación preparatoria do contrato de concesión confeccionada pola consultora “LAGARES OCA SL”, que se compón de: Anteproxecto de explotación, memoria xustificativa, estrutura de custes e estudo de viabilidade do contrato de concesión, documentos aprobados en sesión do pleno do Concello de 02-10-2020.

Vista a Resolución desta Alcaldía de inicio do expediente de contratación, por procedemento aberto con varios de criterios de adxudicación, para a concesión do servizo público de xestión de residuos de competencia municipal do concello de Meis, cun orzamento base anual de licitación de 317.112,52€ sen IVE (348.823,77€ con IVE), e un valor estimado de 4.122.462,77€, por un período de dez anos e un ano de prórroga.

Vista a documentación administrativa e técnica actualizada obrante no expediente.



O procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, constitúe a forma idónea de adxudicación do contrato, dadas as características das prestacións a realizar.

Visto o art. 22. n) da Lei 7/1985, de Bases do Réxime local.

Vista a D.A. 2ª da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

Esta Alcaldía propón ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o gasto derivado do expediente, con cargo ás partidas do orzamento de gastos cifradas: 1622/227.00.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, para a adxudicación da concesión do servizo público de xestión dos residuos de competencia municipal, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, cun orzamento base anual de licitación de 317.112,52€ sen IVE (348.823,77€ con IVE), e valor estimado de 4.122.462,77€, por un período de dez anos e un ano de prórroga.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de condicións administrativas particulares así como o Pregos de prescripcións técnicas que rexerán o contrato para a adxudicación da concesión do servizo.

CUARTO.- Anunciar a licitación por prazo de 40 días naturais.

QUINTO.- Somete-lo expediente ós demais trámites previstos no prego de condicións administrativas particulares e Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

SEXTO.- Delegar na Xunta de Goberno Local a adxudicación do contrato, as competencias en materia de interpretación, modificación, resolución do contrato, e demais actos de tramitación do procedemento.”

O portavoz do PP, D. José Luis Pérez Estévez, expón que o seu voto, conforme ao manifestado na Comisión, será a abstención.

O portavoz do BNG, D. Juan Manuel Vázquez Sevillano, sinala que, si ben foi consultado no expediente e se inclúen melloras propostas polo BNG, se absterá na votación porque se trata dun proxecto do equipo de goberno.

A alcaldesa, Dna. Marta Giráldez Barral, indica que resulta preciso mellorar o servizo de recollida de lixo e que o expediente recolle boas propostas.

Sometida a proposta da Alcaldía a votación; ésta resulta aprobada por maioría, con 5 votos a favor (PSdeG-PSOE) e 4 abstencións (PP e BNG).”

E para que conste e á reserva dos termos da aprobación da acta, expido a presente certificación, có Visto e Prace da Sra. Alcaldesa.

A SECRETARIA

Visto e Prace
A alcaldesa

Mª Carmen Merino Moína

Marta Giráldez Barral

ASINADO ELECTRONICAMENTE

